



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE EXPROPIACIÓNS E CONTROL DE PROXECTOS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA DO ANEXO DE EXPROPIACIÓN E DA RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS

Na súa sesión ordinaria de data 25/08/2023 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo aprobou o anexo expropiatorio e a iniciación do expediente de expropiación forzosa para a realización da obra CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL" DO P.K. 106+500 AO 107+887. POL-CASTROVERDE.

Aos efectos previstos no artigo 93 do Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, no artigo 18 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e demais normativa de aplicación, sométese a información pública o anexo expropiatorio e a relación individualizada de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da citada obra, para que, nun prazo de vinte (20) días, contados desde o día seguinte á última publicación do presente anuncio, poidan presentarse cantas alegacións ou rectificacións se consideren oportunas.

Durante o prazo de información pública, o anexo de expropiación estará dispoñible para a súa consulta nos seguintes lugares:

- Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos da Deputación Provincial de Lugo, situado na Ronda da Muralla, 140, Pavillón 3, 2º andar, 27004 Lugo, os días laborais, en horario de 09.00 a 14.00 horas. O teléfono de contacto para solicitar cita previa é o 982 265 943.

- Na sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo:

https://www.deputacionlugo.gal/sites/deputacionlugo.org/files/inline-files/Pol_Castroverde_Anexo_expropiacion.pdf

A relación de bens e dereitos afectados polo proxecto de expropiación é a seguinte:

Nº finca	Referencia catastral	Titulares catastrais	Tipo de solo	Superficie a expropiar (m ²)	Outros bens afectados
55-A2	27011B001000340000DP	Herdeiros de José Seijas Domínguez	Rústico (monte)	347,00	27 uds. de árbores frondosas de ribeira

Lugo, 1 de setembro de 2023.- O Presidente, P.D. Decreto de data 04-07-2023, O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2810

CONCELLOS

CERVANTES

Anuncio

Formada e rendida a conta xeral do orzamento desta corporación correspondente ao exercicio de 2022, e informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público cos documentos que a xustifican, polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da inserción do presente edicto no B.O.P., co obxecto de que os interesados lexitimos poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen

pertinentes, durante dito prazo de exposición e os oito seguintes días, de conformidade co disposto nos artigos 208 e seguintes do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais

Cervantes, 31 de agosto de 2023.- O ALCALDE. Benigno Gómez Tadín.

R. 2798

CHANTADA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 23/08/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes a agosto 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal, piscinas e anexos correspondentes febreiro 2023 terá lugar neste municipio dende o día 23 de agosto de 2023 ata o día 23 de outubro de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 23 de agosto de 2023.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 2800

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 25/08/2023 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xullo 2023.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a xullo do 2023 terá lugar neste municipio dende o día 26 de agosto de 2023 ata o día 25 de outubro de 2023.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 25 de agosto de 2023.- O alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 2801

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Aprobación dun Padrón Fiscal

Expediente número: 454/2023

Asunto: Anuncio no Boletín Oficial da Provincia sobre a aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de xullo do 2023

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 30 de agosto de 2023, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de xullo de 2023, polo importe total de 12.734,35 € (dependencia) e 243,60 € (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 30 de agosto de 2023.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2802

O INCIO

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello, en sesión ordinaria de data 25 de agosto de 2023, o EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CREDITOS FINANCIADO CON RLTGX (EXP 286/2023) para o exercicio económico 2023, con arranxo ao previsto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, expónse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de quince días, a contar dende o seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante dito prazo os interesados podan proceder ó seu exame e formular as reclamacións que se consideren pertinentes.

No suposto de non presentarse reclamacións no devandito prazo, o EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CREDITOS FINANCIADO CON RLTGX (EXP 286/2023) para o exercicio 2023 entenderase definitivamente aprobado, de acordo co disposto no artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.-

O Incio, 31 de agosto de 2023.- O alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 2803

PALAS DE REI

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE LIQUIDACIÓNS E ANUNCIO DE COBRANZA

Unha vez aprobados definitivamente por resolución desta Alcaldía nº 2023-0412, ditada o 1 de agosto de 2023, os padróns e listas cobratorias dos tributos locais Taxa pola prestación do servizo de saneamento e abastecemento de auga, recollida de lixo e canon da auga, referidos ao exercicio de 2º Trimestre do 2023, expóñense ao público no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos, por un prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio, co fin de que aqueles que se consideren interesados poidan formular todas as observacións, alegacións ou reclamacións que teñan por convenientes.

Contra o acto de aprobación dos devanditos padróns e/ou liquidacións contidas neles poderase interpor un recurso previo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización da exposición pública, de acordo co establecido no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49,7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Conforme o establecido no artigo 62.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, ponse en coñecemento dos contribuíntes que se procederá ao cobramento en período voluntario do imposto do día 1 ao 31 de agosto. O pagamento farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras. Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan adebedados nas contas dos seus clientes.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iníciase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o

que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como a das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Palas de Rei, 28 de agosto do 2023.- O alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2804

O PÁRAMO

Anuncio

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2022, por un prazo de quince días, durante os cales quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

O Páramo, 30 de agosto de 2023.- O Alcalde, José Luis López López.

R. 2805

SAMOS

Anuncio

Resolución de Alcaldía

Expediente nº: 319/2023

Procedemento: Delegación de funcións de Alcaldía no primeiro Teniente Alcalde.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o artigo 47 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) que literalmente di:

“1. Corresponde a los tenientes de alcalde, en cuanto tales, sustituir en la totalidad de sus funciones y por el orden de su nombramiento al alcalde, en los casos de ausencia, enfermedad o impedimento que imposibilite a éste para el ejercicio de sus atribuciones.

2. En los casos de ausencia, enfermedad o impedimento, las funciones del alcalde no podrán ser asumidas por el teniente de alcalde a quien corresponda sin expresa delegación, que reunirá los requisitos de los números 1 y 2 del artículo 44”

Visto o artigo 44 do ROF, que literalmente di:

“1. Todas las delegaciones a que se refiere el artículo anterior serán realizadas mediante decreto del alcalde que contendrá el ámbito de los asuntos a que se refiere la delegación, las facultades que se deleguen, así como las condiciones específicas de ejercicio de las mismas, en la medida en que se concreten o aparten del régimen general previsto en este reglamento.

2. La delegación de atribuciones del alcalde surtirá efecto desde el día siguiente al de la fecha del decreto, salvo que en ella se disponga otra cosa, sin perjuicio de su preceptiva publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y en el municipal, si existiere.

3. Las normas de los apartados anteriores serán aplicables a cualquier modificación posterior de las delegaciones.

4. De todas las delegaciones y de sus modificaciones se dará cuenta al Pleno en la primera sesión que éste celebre con posterioridad a las mismas.”

Tendo que ausentarme e non podendo atender as funcións propias da Alcaldía que ostento durante o período que abrangue dende o 31 de agosto ao 7 de setembro, ámbolos dous incluídos, do ano corrente.

En uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 da lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, 63 da Lei 5/97 de administración local de Galicia e 43 e seguintes do ROF,

RESOLVO

1º.- Delegar tódalas funcións da Alcaldía no primeiro Tenente de Alcalde, D. José Antonio García Jurjo.

No suposto de producirse a vacante, ausencia ou enfermidade do anteriormente indicado, as referidas funcións pasarían automaticamente aos demais tenentes de alcalde, segundo a orde de nomeamento.

No suposto de que o abaixo asinante alcalde se reincorporase ás súas funcións antes de ter transcurrido o período expresado no apartado núm. 1 da parte resolutiva deste Decreto, a presente delegación quedaría automaticamente revogada.

2º.- Dispoñer que a devandita delegación produza efectos dende o día 31 de agosto ao 7 de setembro de 2023, ámbolos dous incluídos, do ano corrente.

3º.- Dar traslado do presente Decreto ao Sr. García Jurjo, dispoñer a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e nos taboleiros de anuncios do Concello e da sede electrónica e dar conta do mesmo ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.

Así o orde e asina o Alcalde-Presidente, ante mín a secretario accidental, en Samos, dou fé.

Samos, 30 de agosto de 2023.- A alcaldesa, María Jesús López López.

R. 2806

O SAVIÑO

Anuncio

RESULTADO DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE O SAVIÑO PARA CUBRIR AS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE EDUCADOR/A FAMILIAR, AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL E TRABALLADOR/A SOCIAL, INCLUIDAS NA OFERTA EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA DE ESTABILIZACION 2022, POR CONCURSO (Expte 533/2022).

Rematados os procesos excepcionais para a estabilización de emprego temporal de longa duración previstas nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público referidas as prazas de educador/a familiar, axente de emprego e desenvolvemento local e traballador/a social convocadas polo concello de O Saviño (Oferta de Emprego Público Extraordinario 2022), de conformidade coa base novena da convocatoria, fanse públicos os resultados dos procesos citados.

A puntuación detallada dos méritos valorados consta nas actas das sesións dos correspondentes tribunais que se atopan publicadas no taboleiro de edictos da sede electrónica e taboleiro de edictos da Casa do Concello:

PROCESO EXCEPCIONAL PARA A ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DUNHA PRAZA DE EDUCADOR/A FAMILIAR:

NOME E APELIDOS	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACION	PUNTUACION TOTAL	ORDE
MARÍA DEL ROCIO LÓPEZ LÓPEZ	***2207**	70,00	30,00	100,00	1
MARÍA TATIANA BARREIRA CHAO	***9628**	49,20	30,00	79,20	2
JOAQUION BOUZA LEIRACHA	***0075**	0,00	26,80	26,80	3
ELBA LOUREIRO ROMAR	***1722**	0,00	12,76	12,76	4

O tribunal propuxo a contratación da candidata que obtivo a maior puntuación no concurso de méritos:

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACION
MARÍA DEL ROCIO LÓPEZ LÓPEZ	***2207**	100,00

PROCESO EXCEPCIONAL PARA A ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DUNHA PRAZA DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL:

NOME E APELIDOS	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACION	PUNTUACION TOTAL	ORDE
MARIA MONTSERRAT VALDES GONZALEZ	***5721**	70,00	19,67	89,67	1

ALBERTO HERRÁN CALVO	***3862**	58,08	30,00	88,08	2
ISABEL REJES CANOURA	***9463**	27,60	30,00	57,60	3

O tribunal propuxo a contratación da candidata que obtivo a maior puntuación no concurso de méritos:

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACION
MARIA MONTSERRAT VALDES GONZALEZ	***5721**	89,67

PROCESO EXCEPCIONAL PARA A ESTABILIZACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL:

NOME E APELIDOS	DNI	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACION	PUNTUACION TOTAL	ORDE
SOFIA PARDO VILORIA	***0012**	70,00	30,00	100,00	1
MARIA MATILDE MARTINEZ LOPEZ	***2170**	66,24	30,00	96,24	2
OSCAR JOSE RODRIGUEZ LOPEZ	***4171**	20,28	30,00	50,28	3
BEATRIZ PEREIRO SORDO	***3578**	14,40	30,00	44,40	4

O tribunal propuxo a contratación da candidata que obtivo a maior puntuación no concurso de méritos:

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACION TOTAL
SOFIA PARDO VILORIA	***0012**	100,00

De conformidade coas bases, o tribunal elevou as relacións precedentes, xunto coas actas das sesións ao Sr. Alcalde.

A publicación das puntuacións realizarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. Os aspirantes propostos, achegarán no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello, a documentación relacionada na base décima.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos esixidos na base terceira, implicará que non poderán dilixenciarse os contratos do persoal laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas solicitudes de participación.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

O Saviñao, 31 de agosto de 2023.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2811

O VICEDO

Anuncio

D. JOSÉ JESÚS NOVO MARTÍNEZ, Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de O Vicedo, provincia de Lugo, en cumplimiento de lo preceptuado en el artículo 63 de la Ley 5/97, de 22 de julio, de Administración Local de Galicia, en relación con los artículos 43 y siguientes del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, aprobado por Real Decreto 2568/86, de 28 de noviembre, con motivo de mi ausencia de este término municipal y al objeto de que me sustituya la Primera Teniente de Alcalde, D^a María del Pilar Otero Insua, vengo en delegar la totalidad de las atribuciones y funciones que me confiere la legislación vigente, comprendiendo tanto la facultad de dirigir los servicios correspondientes como la de gestionarlos en general, incluida la facultad de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceros, desde el día 4 hasta el 8 de septiembre de 2023, ambos incluidos.

Notifíquese al interesado y publíquese la presente resolución en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, de conformidad con lo establecido en la legislación aplicable.

Lo mandó y firma el Sr. Alcalde-Presidente.

O Vicedo, 31 de agosto de 2023.- El alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2807

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE APROVECHAMIENTO DE AGUA Y VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : A/27/41433, V/27/01598

PETICIONARIO : Alternative Fats and Proteins of Galicia, S.L.U.

VERTIDO

DENOMINACIÓN : Explotación de engorde y procesado de larva de mosca negra soldado

LOCALIDAD : Berbetouros (San Miguel)

TÉR.M. MUNICIPAL : Palas de Rei

PROVINCIA : Lugo

RÍO/CUENCA : Ferreira */Ferreira *

Jesús Fernando Rodríguez Pallares, en representación de Alternative Fats and Proteins of Galicia, S.L.U., solicita la concesión de un aprovechamiento de 3,185 l/s de agua procedente de un pozo y de aguas pluviales sito en la parroquia de Berbetouros (San Miguel), en el término municipal de Palas de Rei (Lugo) para uso sanitario e industrial.

La captación se realiza en un pozo de 100 m de profundidad del que parte la conducción hasta el depósito de cabecera. También se aprovechan las aguas pluviales de las cubiertas de las naves y edificios conduciéndolas al depósito de agua de procesos.

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales industriales de "Explotación de engorde y procesado de larva de mosca negra soldado" - "Alternative Fats and Proteins of Galicia, S.L.U.", con un volumen máximo anual de 810 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa séptica y filtro biológico
- Arqueta de toma de muestras
- Zanja filtrante

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en el Ayuntamiento de Palas de Rei o la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

Los expedientes estarán de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y respetar en todo momento la MEDIDAS DE SEGURIDAD que establezcan las autoridades sanitarias y las instrucciones del personal del Organismo.

Lugo, 31 de agosto de 2023.- EL JEFE DE SERVICIO, José Miguel Veigas Méndez.

R. 2808